

CURTAMETRAXES JOCELYNE SAAB

1306

ESTREA EN NUMAX: 06.06.2024 | V.O.S.G. | 75 min

As mulleres palestinas (1974 | 11 min | Francia)

Mulleres palestinas, as vítimas decote esquecidas, cobran voz grazas a esta curtametraxe de Jocelyne Saab, un encargo da televisión pública francesa que nunca se chegou a emitir.

Os nenos da guerra (1976 | 10 min | Francia)

Días despois da masacre de Karantina, barrio pobre de Beirut, a cineasta encóntrase con crianzas superviventes ás que anima a debuxar e xogar diante da cámara. A directora comproba que estes nenos e nenas xa non coñecen outro xogo que o da guerra.

O barco do exilio (1982 | 15 min | Líbano)

Tras vivir clandestinamente en Beirut para fuxir das forzas israelíes, Yaser Arafat, abandona Líbano a bordo do Atlantis para emprender un novo exilio. Saab foi a única xornalista con cámara admitida no barco, filmando o dirixente palestino falando do futuro da OLP, do pobo palestino e do seu propio destino.

Beirut, a miña cidade (1983 | 38 min | Líbano)

En xullo de 1982, o exército israelí sitiou Beirut. Catro días antes, Jocelyne Saab ve como queiman a súa casa, ardendo con ela 150 anos de existencia familiar.



A enerxía e inconsciencia da xuventude

Por Jocelyne Saab

Existía daquela unha fabulosa tradición do gran reportaxe, con equipos de filmación presentes en zonas de conflito, que non dubidaban en asumir riscos para reflectir unha situación a través das imaxes. Pensemos na obra de Joris Ivens rodada en Vietnam, por exemplo. O emprego do cinema, incluíndo o documental, co fin de provocar e acompañar o cambio social, denunciar ou achegar bases para a acción, todo iso estaba moi presente cando empecei. A efervescencia dos anos 60 continuou axitando unha gran cantidade de xente nova de todo o mundo. Así que, probablemente, coa enerxía e incoscienza propia da xuventude, encontreime cubrindo guerras de consecuencias moi importantes non só a nivel rexional, senón en todo o mundo.

Salvagarda e difusión da obra de Jocelyne Saab

Por Nicole Brenez

Jocelyne Saab é unha artista inmensa e unha personalidade aurática, cuxo único defecto parece ser a modestia. A súa traxectoria como creadora é unha das máis exemplares e profundas, xa que ten as súas raíces na violencia histórica, as múltiples formas de participar e resistir, a conciencia dos xestos e das imaxes que se deben efectuar para documentala, pensala e excedela.

Cronoloxicamente, unha característica importante na obra de Jocelyne Saab toma o seu impulso da súa práctica como xornalista de imaxes e reporteira de guerra. Neste sentido, a súa obra retoma a gran tradición literaria de Albert Londres e Ernest Hemingway, do mesmo xeito que doutros grandes poetas e estilistas de cinema, como Peter Whitehead que aprendeu o seu oficio na televisión británica, ou Dick Fontaine, quen nunca a deixou.

Tal ancoraxe no aquí e o agora do evento ou situación determina moitas das calidades que estruturan o traballo de Jocelyne Saab: as esixencias de factualidade, pertinencia, claridade, velocidade nas decisións prácticas e estilísticas que deben tomarse. Con todo, a presenza da actualidade, en Jocelyne Saab, articula de forma sistemática unha análise política profunda, por riba e por baixo das películas. Para facer imaxes indispensables para a historia colectiva, fai falta en efecto unha gran lucidez histórica; e, a miúdo, moita coraxe tanto especulativa como física. Como se evidencia en cada unha das súas películas, Jocelyne Saab articula de maneira luminosa unha situación, o seu contexto e as súas diversas dimensións: sociais, políticas, culturais e emocionais.

[...] A arte de Jocelyne Saab emprende relacións profundas coas imaxes: consiste en comprender de entrada aquelas que participarán na constitución da historia colectiva, en sopesar o seu papel e importancia para constituír unha memoria, en realizalas e montalas de tal modo que se eleven á altura das cuestións históricas. [...] Do Líbano, Jocelyne Saab documentou os hematomas, as terribles feridas, divisións, paradoxos, a poesía e tremenda enerxía que renace constantemente.

Cúmpanse os corenta anos de traballo de Jocelyne Saab: 40 anos ao servizo dos pobres, os pobos desprazados, os combatentes exiliados, as cidades en guerra, do cuarto mundo sen voz. É hora de que as institucións concernidas se ocupen do traballo fílmico e fotográfico de Jocelyne Saab, que se destina ao patrimonio mundial da humanidade e honra a aquilo máis nobre e valente do espírito humano. Esta obra esencial, a miúdo realizada con total independencia, reclama hoxe ser restaurada e preservada. Tamén deben facerse copias, subtítulos en diversos idiomas, e máis que nada debe ser difundida e homenaxeada. É por iso que quero chamar a atención das autoridades e fundacións competentes sobre este patrimonio visual e sonoro excepcional que é o traballo de Jocelyne Saab, e agradezo a cada persoa e institución propensa a apoiar a súa salvagarda e difusión.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Palestina,
Rashid Khalidi.
Capitán Swing, 2023

Una trilogía palestina,
Gasán Kanafani.
Hoja de Lata, 2015

*La mujer palestina en
Gaza,*
Sofía Arjonilla Alday.
ediciones del oriente y del
mediterráneo, 2001